

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de

CENTRO: IES LELIADOURA
CURSO: 2º BACHARELATO
MATERIA: Economía da empresa
DEPARTAMENTO: ECONOMÍA
DATA: 11/05/20

Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<i>B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital.</i>	<i>Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónas coas esixencias de capital e coas responsabilidades. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso. Analiza os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.</i>
<i>B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade.</i>	<i>Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.</i>
<i>B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan.</i>	<i>Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. E relaciona as economías de escala coa dimensión óptima.</i>
<i>B4.1. Analizar procesos produtivos</i>	<i>Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa.</i>
<i>B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado</i>	<i>Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) da empresa.</i>
<i>B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos</i>	<i>Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. Identifica as estratexias e os enfoques de márketing. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa</i>
<i>B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida.</i>	<i>Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. Calcula o fondo de rotación e diversos ratios de análise económico e financeiro da empresa.</i>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: <i>O traballo feito no terceiro trimestre non será avaliado do mesmo xeito que a avaliación presencial do primeiro e segundo trimestre. O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</i></p>
	<p>Instrumentos: <i>Probas presenciais</i> <i>Probas telemáticas</i> <i>Tarefas na aula virtual</i></p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p><i>A nota media de final de curso obterase calculando a nota media das dúas primeiras avaliacións. Esta nota poderá aumentar ata un 10% pola entrega das tarefas de repaso e ampliación realizadas na aula virtual.</i></p> <p>Recuperación de avaliacións suspensas: <i>Está feita a recuperación da 1ª avaliación. Calcularáse a media da recuperación da 1ª avaliación e a nota da 2ª avaliación. Esta nota poderá aumentar ata un 10% pola entrega das tarefas de repaso ou de recuperación realizadas na aula virtual.</i></p> <p><i>Cando dito cálculo non chegue ó 5, o alumno/a deberá recuperar a materia mediante unha proba que se celebrará de xeito presencial a ser posible. Nestes supostos a nota final será a nota da proba aumentada ata un 10% pola entrega das tarefas de recuperación realizadas na aula virtual.</i></p>
Proba extraordinaria de setembro	<p><i>Na proba extraordinaria de setembro o referente son as aprendizaxes durante os dous primeiros trimestres. A parte de materia que se puidese ter avanzado no terceiro trimestre non entrará na proba extraordinaria.</i></p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: <i>Serán os criterios establecidos para Economía de 1º de bacharelato.</i></p>
	<p>Criterios de cualificación: <i>A nota media de final de curso obterase calculando a nota media das probas feitas nas primeiras avaliacións. Esta nota poderá aumentar ata un punto pola entrega das tarefas de ampliación realizadas na aula virtual durante o mes de maio.</i></p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: <i>Para a alumna de Economía pendente do curso anterior, comunicaráselle por correo as tarefas que deberá realizar e entregar antes do fin do mes de Maio.</i></p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p><i>Tarefas de ampliación, para favorecer o progreso na aprendizaxe.</i></p> <p><i>Tarefas de repaso e reforzo.</i></p> <p><i>Tarefas de recuperación.</i></p> <p><i>As tarefas de repaso, reforzo e recuperación versarán sobre contidos considerados mínimos polo departamento para acadar as competencias e os estándares de aprendizaxe mínimos do primeiro e segundo trimestre.</i></p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p><i>Recursos e tarefas na Aula Virtual do centro (comprobouse a conectividade do alumnado)</i></p>
Materiais e recursos	<p><i>Libro de texto</i></p> <p><i>Novos recursos aportados na aula virtual do centro</i></p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<i>Comunicacións a través da aula virtual do centro tanto a través de mensaxes en foros como, en caso de ser necesarios, a través de mensaxes particulares. Correo ordinario.</i>
Publicidade	<i>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</i>